



## Concello de Moaña

---

### NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE NOMINACIÓNS:

- Mantense o número de propostas a realizar en cada tipo de mención, é dicir 3 persoas en cada categoría, salvo na “Mención por especialidade dos mellores deportistas” na que só se poderá nominar a unha.
- O xurado non pode facer modificación nas categorías, só se poderán valorar as nominacións presentadas en cada categoría.
- Permitirase que unha persoa premiada por ser a mellor deportista poida ser premiada por ser a mellor por especialidade deportiva.
- As categorías por idades defíniranse da seguinte maneira:

#### Individual:

Mellor deportista PROMESA FEMININA (ata 18 anos de idade)
Mellor deportista PROMESA MASCULINO (ata 18 anos de idade)
Mellor deportista SÉNIOR FEMININA
Mellor deportista SÉNIOR MASCULINO
Mellor deportista VETERANA
Mellor deportista VETERANO

A estas categorías cada entidade deportiva presentará un máximo de 3 deportistas, non poderá presentarse a unha persoa deportista en máis dunha categoría, e será polos logros desa persoa nesa categoría.

#### Equipo:

Mellor equipo MIXTO (especificar categoría)
Mellor equipo PROMESA MASCULINO (ata 18 anos de idade)
Mellor equipo PROMESA FEMININO (ata 18 anos de idade)
Mellor equipo SÉNIOR MASCULINO
Mellor equipo SÉNIOR FEMININO
Mellor equipo VETERANO MASCULINO
Mellor equipo VETERANO FEMININO

De entre as persoas gañadoras de cada categoría, escollerase á mellor deportista feminina e ao mellor deportista masculino de Moaña.

A estas categorías cada entidade deportiva presentará un máximo de 3 equipos, non poderá presentarse a un equipo en máis dunha categoría, e será polos logros dese equipo nesa categoría. De entre os equipos gañadores de cada categoría, escollerase ao mellor equipo feminino e masculino de Moaña.

---

### Concello de Moaña



## **Concello de Moaña**

---

- Nos premios por especialidades, valorarase o currículo integral da persoa deportista atendendo aos logros da tempada que se valora en todas as categorías que teña participado.
- As persoas adestradoras poderán presentar candidatura ás categorías de deportistas de selo e contar cos méritos suficientes.
- Pódense nominar persoas deportistas empadroadas en Moaña que pertencen a un club de fóra do municipio e persoas deportistas que non estean empadroadas en Moaña e que pertencen a un club moañés.